

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/06	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	03 de marzo de 2022
Duración	Dende as 13:17 ata as 14:34 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	María Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 17.02.2022	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 17 de	

xaneiro de 2022.

Expediente 244/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais. Solicitud de axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social de data 16 de febreiro de 2022 M^a Celia González Peteiro, a interesada D^a Á. C. F.C. reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro._ Conceder a D^a Á. C. F.C a axuda de emerxencia social na tipoloxía que se detalla:

· AVISO CORTE SUMINISTRO ELÉCTRICO, TOTAL FACTURA..... 58,82€

Segundo .- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1295/2021. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística. Corrección de erros

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En relación o expediente de solicitude de Licenza ou Autorización Urbanística - LEGALIZACIÓN DA REFOMA E AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓN VACÓN DE LEITE. Gandería Domínguez Fares SC, obsérvase erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 10 de febreiro de 2022, no seu punto punto sexto, en canto o importe a devolver.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Sustituir a redacción do punto sexto do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 10 de febreiro de 2022 (Expte 1295/2021)

onde dí:

“SEXTO.- Aprobar a seguinte liquidación de taxa por licenza urbanística por importe de 60.00 euros. Aprobar a liquidación en concepto de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.370,50 euros, constando ingresado por este concepto 3.956,60 euros, polo que procede a devolución por obra non executada de 586,10 euros.”

debe decir:

“SEXTO.- Aprobar a seguinte liquidación de taxa por licenza urbanística por importe de 60.00 euros. Aprobar a liquidación en concepto de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.370,50 euros, constando ingresado por este concepto 3.956,60 euros, polo que procede a devolución por obra non executada de 526,10 euros.”

Expediente 1029/2017. MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA - DEVOLUCIÓN DE AVAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data data 17.01.2022 con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RE-28 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída por CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. con C.I.F. B36052876, para responder do contrato de obras denominado MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA.

Visto que na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas que rexeu a presente contratación estableceuse un prazo de garantía de 2 anos dende a acta de recepción da obra e que na oferta presentada polo adxudicatario no proceso de licitación mellora o mesmo no prazo dun ano.

Visto que en data 25.05.2018 o director da obra certifica que a recepción das obras tivo lugar o día 25.05.2018, o prazo de garantía finalizou o día 26.05.2021.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que segundo o informe do arquitecto técnico municipal Lino Manuel Doportó Framil de data 16.02.2022 procede a devolución da garantía.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval nº 8919/00464 de Banco Popular Español, S.A., por importe de 4.113,80 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de obra denominado “MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA”.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 1102/2021. Solicitude de Licenza ou Autorización Urbanística. ACOTA, ARQUITECTURA, URBANISMO Y CONSTRUCCION, SL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por Begoña Cutrín Varela, con DNIxxxx, actuando como representante ACOTA, ARQUITECTURA, URBANISMO Y CONSTRUCCION, SL presentouse escrito o día 07/06/2021, polo que se solicita licenza urbanística para “instalacións privadas de baño e instalación anexas en Bandeira” Silleda (ref. cat. 36052C511110270000TR).

Aporta proxecto técnico elaborado polo arquitecto Acota Arquitectura, S.L.U., actuando como técnico redactor D. Luis Matovelle Gómez, colexiado nº 2.902 del C.O.A.T. Non figura visado.

Consta presentada autoliquidación por importe de 1.042,49 euros en concepto de taxa e ICIO.

Consta no expediente informe desfavorable á concesión da licenza da arquitecta municipal María José García Fidalgo, de data 05/07/2021. E requirimento efectuado en data 01/07/2021.

En data 06/08/2021 consta presentada documentación en cumprimento do requirimento.

Revisada a documentación polo técnico municipal Lino M. Doporto Framil, emítese informe desfavorable en data 04/11/2021.

Visto que en data 08/11/2021, a Secretaría Municipal emite informe número 90/2021, desfavorable á concesión da presente licenza, a Xunta de Goberno Local en data 16/11/2021 acorda denegar a licenza para a execución da “instalacións privadas de baño e instalación anexas en Bandeira” na parcela con referencia catastral 36052C511110270000TR, e remitir denuncia a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística a existencia de obras sen licenza na parcela.

En data 05/01/2022, o interesado presenta modificado do proxecto en base ao que se denegou a licenza inicial, denominado “PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE INSTALACIONES PRIVADAS DE BAÑO, INSTALACIONES ANEXAS Y DE ALMACENAMIENTO AGROPECUARIO EN BANDEIRA, CONCELLO DE SILLEDA”. E solicita nova licenza. Usando modelo de aportación de documentos.

Constando no expediente informe desfavorable do técnico municipal, Lino M. Doporto Framil, de data 18/02/2022 e informe desfavorable á concesión da licenza emitido pola secretaria da Corporación nº 22, de data 01 de marzo de 2022, ao proxecto modificado, coa seguinte fundamentación técnica-xurídica:

“ 13.2 Consideramos que o que a Lei entende como as “instalacións imprescindibles” vinculadas á instalación privada de baño, que si se permite, son excesivos no presente proxecto, e, por tanto, incompatibles co solo rústico. Por outra banda, vistas as calidades sinaladas no punto 1.2 deste informe técnico, existen partidas perfectamente compatibles con edificacións de uso residencial, que, xunto coa configuración dos ocos proxectados e á vista de recentes resolucións da APLU relativas a este aspecto, poderíamos concluír que a edificación proxectada é de tipoloxía residencial, uso prohibido na normativa urbanística vixente ”.

“A construción obxecto da licenza conta con elementos que son propios dunha vivenda, posto que no presuposto seguen identificándose como unidades de obra: solado de baldosa de gres para interiores, teito continuo suspendido, porta/ventá abatible maior de 1,80 m2, e outra menor de

1,80 m2, porta paso lisa de roble, baño completo, na partida de cadro de distribución eléctrica básica, constan descrita a alimentación aos seguintes circuitos: C1 alumbrado; 3 C4 lavadora/lavavajillas/ termo; C2 tomas usos varios y frigorífico; C5 tomas usos varios en baño y cocina; C3 toma cocina y horno, así como puentes o peines de cableado, totalmente conxionado y rotulado. ITC-BT 25. A construción tamén describe a existencia de aislamento térmico.

A legalización proposta non ten a tipoloxía dun galpón permitido nun solo rústico senón dunha vivenda tanto pola súa configuración exterior (distribución e tamaño das ventás, das portas de crital) como respecto dos elementos interiores, mantendo ademais a terraza.

O artigo 50 do RLSG que recoñece a posibilidade de executar en solo rústico construcións e instalacións que respondan ás características, dimensións e configuracións propias do medio rural galego, sempre que se destinen a usos propios deste tipo de solo. Pola contra establece que en ningún caso poderán destinarse a usos residenciais, polo que queda prohibido que contén con instalacións que, no seu conxunto, denoten ese uso”.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro. Denegar a licenza urbanística a Begoña Cutrín Varela, con DNI xxxxxxxx, para a execución “de instalacións privadas de baño, instalacións anexas e de almacenamento agropecuario en Bandeira” na parcela con referencia catastral 36052C511110270000TR, clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, polos motivos expostos nos informes dos técnicos municipais incorporados ao presente acordo nos seus antecedentes.

Segundo. - Aprobar a liquidación da taxa por emisión de informe técnico por importe de 60,00 euros.

Terceiro. - Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 1166/2019. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística. Licenza para tres naves de cebo porcino, locais auxiliares e foxa. Estefanía Taín Surribas, en representación de FERTAPORC, S.C.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de

febreiro, do Solo de Galicia.

Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.- Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 02/10/2019, concédese licenza a FERTAPORC, S.C, para tres naves de cebo de porcino, locais auxiliares e foxa no lugar de Outeiro, parroquia de Negreiros (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnica agrícola Isabel Arza Río. (solicitud de licenza presentada no Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-171 de data 25 de xuño de 2019).

2º.- No acordo de concesión indicábaselle que non poderán iniciarse as obras en tanto non presente a seguinte documentación:

“1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga e tratamento de augas residuais.

2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

3. Folla de edificación e estatística cumprimentada”.

Consta presentada no Concello en data 08/10/2019 a Folla de edificación e estatística cumprimentada e copia dos estatutos da empresa.

En data 25/10/2019 preséntase nomeamento de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde, visado co número 20190403, o 24/10/2019, a favor de Marta Gómez Fandiño. (RE 365/2019). En data 15/07/2021 (RE 699/2021) preséntase cambio de dirección e de coordinación a favor de Isabel Arza Río.

3º.- En data 11/10/2021 (RE 1088/2021), preséntase pola interesada Certificación Final de Obra co número 20210285 en data 11/10/2021 e certificado de distancias visado co número 20190228 o 06/10/2021.

4º.- En data 02/11/2021, preséntase PLANO DE URBANIZACION COA NOVA UBICACION DA FOSA DE XURRO, PARA QUE O QUE CONCELLO EMITA UNHA LICENCIA MODIFICADA RECOLLENDO ESES CAMBIOS solicitando a modificación da licenza, (RE 1198/2021).

5º.- En data 08/11/2021, por Carolina Cajide Barbeito, técnica municipal, emítase informe no que advirte a existencia de variacións na obra executada respecto ao proxecto aprobado, e se lle require a súa legalización así como a presentación de diversa documentación obrigatoria,

propondo que se paralice a actividade en tanto non se obteña licenza.

6º.- Este requirimento foi realizado en data 10/11/2021 (RS 1450).

7º.- En data 11/11/2021 preséntase solicitude para a tramitación dunha nova autorización de AESA.

8º.- En data 24/11/2021 (RE 1321/2021) preséntase autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural, de data 24/11/2021.

9º.- En data 15/12/2021 (RE 1409/2021) preséntase Resolución de non procedencia de formulación de declaración de incidencia ambiental, por non considerarse modificación substancial, da resolución de declaración de incidencia ambiental (expte. PO/2019/053), para actividade de instalación dun cebadeiro porcino, en Outeiro, Negreiros, no Concello de Silleda, promovida por FERTAPORC SL (expte. PO/2021/070) de data 14/12/2021.

10º.- Consta informe do técnico municipal de data 31/01/2022 requirindo as autorizacións de Aguas de Galicia.

◦ Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro. Autorización para o pozo de abastecemento de auga1 2 , xa requirido na resolución de concesión de licenza de obra municipal e nos informes municipais de 8 de novembro de 2021.

◦ Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro. Autorización para a foxa de saneamento de augas residuais3 , xa requirido na resolución de concesión de licenza de obra municipal e nos informes municipais de 8 de novembro de 2021.

11º. Consta aportada ao expediente acuerdo de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea en materia de Servidumbres Aeronáuticas. Expediente N21-0597 de data 20/12/201.

12º.- Consta presentada Autorización de Aguas de Galicia (clave: DH.A36.69389), de data 16/02/2022.

13º.- Certificado de estanquidade e impermeabilidade de fosa de purín. Visado 20210285.

14º.- En data 25/02/2022 polo técnico municipal Lino M. Doporto Framil emítese informe favorable á legalización das obras realizadas sen axustarse á licenza concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

As obras suxeitas a licenza urbanística son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da

edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2 da LOE regula o seu ámbito de aplicación, entendendo que dentro de mesmo atópanse “c) Todas as demais edificacións cuxos usos non estean expresamente relacionados nos grupos anteriores”.

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

“a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha sola planta”.

En data 02/10/2019, concédese licenza para construción de tres naves de cebo de porcino, locais auxiliares e foxa no lugar de Outeiro, parroquia de Negreiros (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnica agrícola Isabel Arza Río.

Segundo o disposto no artigo 355 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

“3. As solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración”.

En data 11/10/2021 presenta instancia xeral na que expoñen que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade xa que as instalacións reunen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas na licencia, cumpríndose cos requisitos esixidos. Que desexa iniciar a actividade para o que xa se teñen rematadas as obras precisas e achega certificado final de obra realizado por Isabel Arza Río, colexiada nº 300 do COITA Lugo. Tamén se anexa visado certificado distancias porcino.

Realizada visita de comprobación unha vez rematadas as obras emítese informe por Carolina Cajide Barbeito, en data 08/11/2021 no que pon de manifesto a “existencia de variacións na obra executada respecto ao proxecto aprobado”, e se lle require a súa legalización. Así como a presentación de documentación:

Presentación dos planos visados de alzados que recolla a altura das edificacións con respecto á rasante final do terreo, especialmente a fosa de purín.

Presentarase certificado de estanquidade da fosa realizada e colocaranse tamén todos os elementos de protección de incendios recollidos no proxecto que obtivo licenza.

A maiores hai que obter novamente:

1. Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.
2. Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.
3. Informe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (expediente PO/2019/049) no que estableza si é necesaria unha nova declaración de incidencia ambiental ou non. No caso de ser necesaria a mesma é necesario acadala previa a concesión da licenza de primeira utilización.

Presentaranse tamén a seguinte documentación xa indicada na licenza de obra concedida:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais.

Tras a elaboración deste informe a interesada realizar os trámites pertinentes ante o Concello e ante o resto das Administracións Públicas con competencias na materia, e solicita a licenza de legalización, aportando a documentación solicitada.

Revisada a mesma polo técnico Lino M. Doporto Framil, este emite informe en data 25/02/2022 no seguinte sentido:

“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Legalización de tres naves cebo porcino, locais auxiliares e foxa solicitada, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

En visita efectuada o día 25 de febreiro de 2022 constátase que a implantación das construcións, dimensións, volumes e alturas son os sinalados no proxecto, así como as medidas de prevención de incendios. Consta tamén certificado final de obra e certificado de estanquidade da foxa, entre outros, presentado con rexistro de entrada 2021-E-RE-1247. Por tanto, non se aprecia inconveniente para propoñer a concesión de licenza de primeiro uso das instalacións. ”.

Visto que polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental se informa que as modificacións realizadas non son substanciais, e que consistiron en:

Variaron levemente a altura das naves.

En lugar de los 3 muelles de carga previstos inicialmente, se adecuó un pasillo lateral de 1,5 m de ancho que une las 3 naves de porcino, con dos zonas de carga con una superficie adicional al pasillo lateral de $3,35 \times 0,80 \text{ m} = 2,68 \text{ m}^2$, para el manejo de las naves 1 y 2 y 6 m^2 para el manejo de los animales de la nave 3, con cerramiento lateral de bloque prefabricado de hormigón hasta una altura de 1,15 m y solera de hormigón de 15 cm. Debido a la adecuación del pasillo de manejo, variaron levemente los alzados de los locales auxiliares, habiendo trasladado de local el baño al extremo en lugar de en la zona central.

La fosa de purín se desplazó en dirección este, para mejorar las condiciones de conducción desde las naves y vaciado del purín a esta.

Do informe do técnico municipal derivase que ditos cambios non afectan ás condicións urbanísticas recollidas na licenza, que seguen a informarse favorablemente.

SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE.

A actividade obxecto da presenta licenza someteuse a avaliación de incidencia ambiental con carácter previo a tramitación da licenza urbanística.

Unha vez executadas as obras e obtida a licenza de primeira utilización, deberase presentar no Concello segundo o establecido no artigo 364 do RLSG comunicación previa de inicio de actividade:

“Despois de finalizar a obra e obtida a licenza de primeira utilización da edificación, nos casos que sexa esixible, presentárase comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos, salvo disposición en contrario, que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente”.

Do mesmo xeito se pronuncia o artigo 24 e o artigo 33 Avaliación de incidencia ambiental da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia,

As actividades ás que non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o capítulo anterior.

Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentárase a comunicación previa contemplada no artigo 24 da presente lei ante o concello respectivo, na que, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:

- a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.
- b) Declaración de incidencia ambiental.

c) Certificación do/a técnico/a ou os/ as técnicos/as facultativos/ as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.

Polo exposto, e visto o informe da Secretaria da Corporación número 15 de data 02/02/2022 e tendo en conta a solicitude de licenza de primeira utilización presentada pola interesada, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Conceder a FERTAPORC, S.C, con NIF número xxxxx LICENZA para a legalización das obras executadas ao marxe da licenza concedida para tres naves de cebo de porcino, locais auxiliares e foxa no lugar de Outeiro, parroquia de Negreiros (Silleda), pola Xunta de Goberno Local, en data 02/10/2019, consistentes fundamentalmente no cambio de posición da fosa e variación lixeira da altura das naves, e construción dun pasillo lateral, de conformidade co disposto no Certificado Final de Obra, e documentación que o acompaña asinado por David Cerdeira Canicoba e visados co número 14469, polo Colexio Oficial de Agrónomos de Galicia.

SEGUNDO.- Conceder a FERTAPORC, S.C, con NIF númeroxxxxxx, LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN, para tres naves de cebo de porcino, locais auxiliares e foxa , sometida a avaliación de incidencia ambiental (expediente PO/2019/053), situada no lugar de Outeiro, parroquia de Negreiros (Silleda), con Referencia Catastral : 36052J511009040000OI, unha vez comprobado que as obras se axustan ao proxecto obxecto da licenza urbanística concedida en data 02/10/2019 por acordo da Xunta de Goberno Local, en base ao proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Isabel Arza Río, e tras a legalización no resolvo primeiro deste acordo das modificacións levadas a cabo en execución de obra.

TERCEIRO.- Requirir ao interesado para que con carácter previo ao inicio da actividade presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

CUARTO.- Aprobar a liquidación da taxa por legalización da presente licenza por importe de 60,00 euros, e aprobar a liquidación definitiva do ICIO segundo o recollido no informe técnico, por importe de 8.832,73 €, debéndose aboar a diferenza (consta ingresado con carácter previo a concesión da licenza urbanística en data 02/10/2019 o importe de 6.903,80 euros).

QUINTO.- Aprobar a liquidación da taxa por outorgamento da licenza de primeira ocupación de edificios por importe de 234,00 euros en virtude do establecido no seu artigo 5.

SEXTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE